

## **PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 4**

### **SESION EXTRAORDINARIA E URXENTE DO 13 DE MARZO DE 2017**

#### ASISTENTES

##### POLO GRUPO MUNICIPAL. SOCIALISTA

Excmo. Sr. Alcalde  
Alonso Suárez, Olga  
Aneiros Pereira, Jaime  
Blanco Iglesias, Eugenia Dolores  
Caride Estévez, María José  
Fernández Pérez, José Manuel  
Iglesias González, Ana Laura  
Lago Rey, M<sup>a</sup> Jesús  
López Font, Carlos  
Marra Domínguez, M<sup>a</sup> Angeles  
Pardo Espiñeira, Francisco Javier  
Regades Fernández, David  
*(incorpórase ás 8,48 h.)*  
Rivas González, Ángel  
Rodríguez Díaz, Santos Héctor  
Rodríguez Escudero, Cayetano  
Silva Rego, M<sup>a</sup> Carmen  
*(incorpórase ás 8,39 h.)*

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR

Egerique Mosquera, Teresa  
Fidalgo Iglesias, Miguel  
Figueroa Vila, José M.  
González Sánchez, Elena  
Muñoz Fonteriz, Elena

##### POLO GRUPO MUNICIPAL DE MAREA DE VIGO

Jácome Enríquez, Xosé Lois *(abandonou a sala ás 8,49)*  
López Barreiro, Margarida *(abandonou a sala ás 8,49)*  
Pérez Correa, Rubén *(abandonou a sala ás 8,49)*

#### NON ASISTEN:

Abelairas Rodríguez, Isaura (concelleira do grupo municipal Socialista)  
Gago Bugarín, Diego José (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)  
Piñeiro López, Ángel (concelleiro do grupo municipal do Partido Popular)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, ás oito horas e trinta e cinco minutos do día trece de marzo do ano dous mil dezasete, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, e asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Egerique Mosquera, Fernández Pérez, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, González

Sánchez, Iglesias González, Jácome Enríquez, Lago Rey, López Barreiro, López Font, Marra Domínguez, Muñoz Fonteriz, Pardo Espiñeira, Pérez Correa, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego, actuando como Secretario Xeral do Pleno que asina D. José Riesgo Boluda, constituíuse o Pleno da Excma. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. e Sras. concelleiros e concelleiras coa antelación legalmente requirida. Está tamén presente o Interventor Xeral Municipal, don Alberto Escariz Couso.

PRESIDENCIA: Señoras/es concelleiros iniciamos o Pleno do Concello número 4, en sesión extraordinaria e urxente convocado pola Alcaldía, constátase quórum, ábrese sesión pública e procedemos coa orde do día. O Pleno verá continuado dun segundo Pleno tamén extraordinario, convocado ás nove horas e iniciamos este Pleno, as quendas de intervención como corresponde coas mocións terán 5 minutos e o iniciamos coa exposición do voceiro do goberno e peche de tres minutos. En primeiro lugar corresponde votala urxencia e por tanto sometemos en primeiro lugar á votación á urxencia corresponde ao Pleno da forma na que está convocada.

### **1(37). RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN.**

VOTACIÓN DA URXENCIA: Con catorce votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero e a Presidencia, e oito votos en contra dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, e mais dos membros do grupo municipal de Marea de Vigo, señores e señora Jácome Enríquez, López Barreiro e Pérez Correa, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Ratificar a urxencia desta sesión plenaria.

**2(38). INSTAR A XUNTA DE GALICIA A QUE DEDIQUE Á REFORMA DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS AS MESMAS CONTÍAS ECONÓMICAS QUE ADICARON O CONCELLO DE VIGO E A DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA. REXISTRO PLENO 1526/1101.**

DEBATE:

SR. LÓPEZ FONT: O estadio de Balaídos non tivo ningunha atención dende o ano 1982, nin no relativo ás reformas necesarias nin tampouco no relativo ao mantemento co cal a seguridade era e se convertía nun problema. Este goberno, o do Alcalde do Sr. Abel Caballero, é o goberno que foi o primeiro que se tomou en serio esta cuestión, como dicía a seguridade era un factor básico e polo tanto a decisión de remodelar o estadio, de reformar para convertelo nun estadio novo foi unha decisión boa, absolutamente necesaria e firme, pero para esta reforma tan necesaria deseñamos un sistema no que loxicamente deberían de compartir e estar presentes tódalas institucións e organismos implicados, Concello de Vigo, Xunta de Galicia, Deputación de Pontevedra, Zona Franca, e por suposto o Real Club Celta de Vigo, e así ponse en marcha, a Xunta de Galicia sendo a Sra. Muñoz conselleira, nega a participación neste proxecto, Zona Franca de Vigo nunha actitude pasiva límitase a dicir que lle digamos o que ten que facer, Deputación de Pontevedra, dunha forma máis lenta pero acábase incorporando e co Celta acórdase o convenio de xaneiro de 2015, destinados a conseguir un estadio digno nese marco de colaboración no convenio asinado entre o Alcalde e o Presidente do Celta. A presentación do proxecto é un exemplo de colaboración institucional, cun arquitecto que foi elixido polo Celta e como dicía en previsión dunha reforma que vai concluír nun estadio practicamente novo.

O problema chega posteriormente, a realidade é que nos quedamos solos e en tódolos ámbitos gobernados polo Partido Popular hai unha prohibición expresa, como sempre, a verdade é que non é ningunha novidade, pero nesta situación tamén se se quere un pouco especial, prohibición expresa de axudar a Vigo naquilo que lle corresponde, evidentemente co Sr. Feijóo como o máximo expoñente desta prohibición.

A Xunta de Galicia decidiu non colaborar e aínda se debe unha explicación de por que non se colaborou con esta cidade.

Pero como sempre nesta cidade tiramos cara adiante, somos capaces de quitar adiante un proxecto e neste momento atopámonos como dicía ao principio absolutamente sós coa colaboración da Deputación de Pontevedra, neste senso é digno de destacar o convenio entre a Deputación e o Concello de Vigo e as manifestacións claras e contundentes da presidenta da Deputación de Pontevedra no senso de que para chegar ao porto final que é reformar e ter un novo estadio, a Deputación de Pontevedra estará ao carón da cidade de Vigo, e de aí o feito de que se asinase o convenio que todos vostedes coñecen, de que houbo un engadido posterior ao convenio e polo tanto a situación a data de hoxe no relativo ao estadio é unha realidade, a Tribuna esta rematada, é completamente nova, a parte exterior é digna de eloxio por absolutamente todo o mundo que o mira e certamente vaise converter nun estadio modélico, os vestiarios son novos, o venres pasado inaugurábase uns ascensores que van a significar todo o tema de mobilidade para persoas con mobilidade reducida e polo tanto estamos xa nun camiño sen retorno de ter rematado a Tribuna e de estar coa licitación da grada de Río. Polo tanto, aqueles que non apoiaron nunca ao Celta, nin sequera nos momentos críticos e logo teremos ocasión de falar diso seguro, cando máis o necesitaba como no concurso de acredores, estiveron todo este tempo dende que se iniciou o proxecto de reforma á contra, estiveron sempre con argumentacións en contra e pisando e querendo poñer pedras absolutamente.

Polo tanto, aquí nesta proposta de resolución que presentamos esiximos que tanto a Xunta de Galicia neste caso, faga unhas achegas as que lle corresponde, as que merece a cidade iguais ás do Concello de Vigo, iguais ás da Deputación de Pontevedra, isto garantiría a finalización da reforma do Estadio.

SR. PÉREZ CORREA: O grupo municipal da Marea de Vigo tivemos un debate moi profundo outro día no plenario precisamente polo que estamos a vivir hoxe, e é certo que o Pleno do Concello de Vigo xa foi perdendo funcións dende que existe a lei de grandes cidades e a maior parte dos temas non pasan por este Pleno, é certo que moitas das cuestións políticas que aprobamos neste Pleno, incluso os acordos unánimes deste Pleno ao final quedan no limbo precisamente porque se lle quita garantías aos acordos do Pleno, pero creo que o que estamos a facer hoxe é darlle outra puñalada máis ao Pleno deste Concello que debería ser o máximo órgano democrático se foramos capaces entre todos de deixar de ir camiñando a un órgano municipal presidencialista que sería un erro para trinta e pico anos de democracia municipal. Polo tanto, eu creo que hai que pedir perdón á cidadanía de Vigo por convocar dous Plenos en réxime de contraprogramación, dous Plenos para falar seguramente de cuestións que nin sequera teñen unha base xurídica, que nin sequera alguén preguntou o alguén cuestionou se as administracións que se poñen nestas propostas poden achegar cartos á rehabilitación dun edificio municipal, ou alguén preguntou se xuridicamente a proposta do Real Club Celta que coñecíamos por unha carta que nos chegou aos grupos municipais recentemente, ten base xurídica e se pode enaxenar patrimonio municipal para ese fin.

Polo tanto, este grupo vaise ausentar agora mesmo despois da nosa intervención deste Pleno e do seguinte, non está xustificada para nós a convocatoria dun Pleno e logo doutro Pleno ademais, para falar dunha infraestrutura como Balaídos, hai temas nesta cidade suficientemente urxentes como para que si fagamos Plenos monográficos e nós dixemos no seu día que si nos gustaría que houbera unha intervención do Presidente Mouriño nun Pleno ordinario, que houbera unha moción e que houbera un debate sobre esta cuestión, imos ir a dous Plenos seguidos, un en réxime como digo, de contraprogramación do seguinte e utilizamos a Institución pois como un mero mercadeo, cambio de posicións mediáticas e non de posicións políticas, creo que é vergoñento que esteamos en dous Plenos seguidos e con diferencias de media hora para falar dunha cuestión que debería ser resolta por un Pleno Ordinario, se queremos por unha comisión municipal que estude a legalidade, a capacidade que un concello ten para acometer unha reforma dun

edificio nesta situación, edificio por certo que a inspección técnica xa dende o ano 2013 dicía que era urxente case por seguridade acometer esa reforma, pero imos ir a dous Plenos que para nós carecen de contido como cremos que os acordos carecerán de contido sobre as cuestións que se poñen enriba da mesa.

Hai unha proposta que a nós non nos gusta o Real Club Celta, fala incluso de que se fai para evitar a deslocalización, nós queremos que o Real Club Celta asuma tamén esa parte do convenio que se citaba e o propio Real Club Celta era o que dicía que achegaría no proceso de reforma de Balaídos, ninguén estalle a pedir un duro ao Real Club Celta, estámoslle a pedir ás administracións públicas que asuman a restauración dun estadio que utiliza en réxime de usufruto único, unha empresa privada, que incluso na carta fala de deslocalización, coa mesma termoloxía coa que fala moitas veces a patronal da automoción ou do téxtil, deslocalización como se está a recoñecer nesta carta que hai, que isto se trata dunha empresa privada por moito que lle queiramos dar senso de Estado convocando dous Plenos para abordar esta cuestión. Nós non imos caer outra vez nesta demagogia de empregar o Pleno como arma arreboladiza entre partidos, en vez de convertelo nun órgano democrático que é o que ten que ser e un órgano que resolva en base aos acordos que se produzan no seu seno.

Podemos estar un mes máis falando das cuestións relacionadas co Estadio de Balaídos e un mes máis non teremos un informe xurídico que nos diga se de verdade se pode acometer a reparación, se de verdade se pode volver manter un convenio destas características ou se de verdade se pode propoñer a alternativa de construción dun novo estadio.

Nós pedimos unha reflexión aos grupos municipais do que acabamos de facer, de como se convocan e con que criterio se convocan os Plenos, hai temas dicimos moi urxentes nesta cidade que seguramente tamén requirirían un Pleno extraordinario, nós ímonos ausentar e pedimos que se faga dunha vez por todas un Pleno útil, democrático e que non convertamos por enésima vez o Pleno nun espello da clase política que hai nesta cidade.

Así que, gracias e pedimos esa reflexión colectiva por que consideramos que estamos a converter este Pleno nunha especie de pantomima ou de teatro colectivo.

SRA. MUÑOZ FONTERIZ: Efectivamente este é un Pleno que está convocado unicamente para contraprogramar o Pleno extraordinario que pediu por certo, o Partido Popular para falar dun tema extraordinariamente importante para a cidade, e se ben compartimos esa contraprogramación co grupo de Marea de Vigo, dende logo, o que non compartimos é o abandono do Pleno porque o Partido Popular non abandona, vaise quedar e quere falar do Celta e quere falar do futuro do Celta, probablemente o que se merecería este Pleno é que tamén nos levantáramos e nos fóramos porque señores do Partido Socialista, Sr. Alcalde, estanse vostede rindo das institucións, do regulamento, están vostedes utilizando e manipulando o regulamento para convocar un Pleno contraprogramando un Pleno anterior, é normal sóeno facer moitos os populistas que é manipular e utilizar as leis no seu beneficio, pero nós nolo tomamos moi en serio en calquera caso porque cremos que estamos afrontando neste momento como cidade un risco real de que o Celta se marche de Vigo. E non o di o Partido Popular, dio o propio presidente do Celta, que están valorando moi seriamente senón contan co apoio necesario e non están a contar con ese apoio, marcharse de Vigo, e fronte a esa preocupación que ten o presidente do Celta, a cidade, o goberno municipal está no máis absoluto silencio, e non só está no silencio senón que cando por parte do Partido Popular hai un grupo, o Partido Popular, que pon este tema enriba da mesa e solicita este Pleno extraordinario resulta que nos veñen con esta especie de pantomima de Pleno, intentando tratar temas que xa foron resoltos e tratados con anterioridade.

Porque efectivamente o Celta está preocupado polo seu futuro, ao Sr. Mouriño deixou moi claro na carta que ademais remitiu a esta Corporación municipal, para el o probablemente fácil sería vivir o momento, gozar do bo momento deportivo, que neste momento ten o Celta e tirar cara adiante os próximos días, pero non, está preocupado polo futuro, para garantir o futuro a medio e longo prazo do Celta e para sorpresa de todos o que debería de ser o maior aliado do Presidente do Celta e o que debería de ser maior aliado do Celta neste problema Sr. Alcalde, estase a converter no maior obstáculo, porque é verdade que vostede cada día é máis un obstáculo para o avance, o desenvolvemento e o futuro desta cidade, un obstáculo se está a converter para o futuro de Vigo, un obstáculo para o

desenvolvemento do Campus do Mar, para a Universidade de Vigo, para o desenvolvemento da Área Metropolitana e para que construíamos entre todos o gran Vigo dos catorce concellos, un obstáculo para as comunicacións nesta cidade para que se poida ter a central de transporte, un obstáculo en definitiva para os grandes problemas que ten a nosa cidade para o Plan Xeral, podería enumerar moitos e moitos casos. Vostede aí sentado na súa cadeira, xulgando a todos é un obstáculo para o futuro de Vigo, e está sendo un obstáculo para o futuro do Celta porque non está axudando ao Celta, non está colaborando co Celta e non se está a tomar en serio as advertencias que dende o Celta se están a facer, porque vostede só utiliza ao Celta cando lle convén por motivos políticos, vostede manipulou o sentimento colectivo, de tódolos vigueses, o Celtismo para utilizalo politicamente cando lle interesa, e cando non lle interesou vai vostede e déixao de lado porque apoiar ao Celta é moito máis que sentarse tódolos domingo que xoga o Celta ou os días de semana que ten partido o Celta aí sentado no palco do Estadio de Balaídos, é moito máis Sr. Alcalde apoiar ao Celta, é preocuparse realmente e poñer solucións enriba da mesa e vostedes que fixeron polo Celta, non presuman tanto, non fixeron nada, asinaron un convenio en orixe que deixoullo preparado o Bloque Nacionalista Galego, iso é todo o que vostedes fixeron, e as promesas, iso si, moitas promesas falsas que logo na seguinte intervención detallarei tódalas promesas que vostede fixo e incumpriu co Celta porque vostede mentiu ao Celta e mentiu a Vigo ao longo dos últimos anos, e agora mente outra vez con esta pantomima de pedir que a Xunta de Galicia participe, pero se vostede xa pactou coa Xunta de Galicia o que ían facer cada unha das administracións? Mire se non o cree a hemeroteca como non esquece, aquí mesmo pon como vostede acepta e pacta coa Xunta de Galicia que se encarguen eles das pistas de atletismo por certo, que non están porque caeuse o Plan Xeral e vostedes aínda non foron capaces de dar unha solución e o Concello de Vigo e a Deputación de Pontevedra do Partido Popular Sra. Silva, non vostede, colaborarían no seu financiamento.

En definitiva, non nos traian cortinas de fumo, manobras de distracción porque do que aquí vimos a falar e do que lle importa aos vigueses é o futuro do Celta en Vigo.



SR. LÓPEZ FONT: Sra. Muñoz, faime moita gracia isto de contraprogramar porque é das televisións, non é dun tema tan serio como o que estamos aquí, e o que está claro é que vostede o que quere é escapar de posicionarse sobre as propostas de resolución que traemos aquí, e vostede non pode dicir que este goberno no apoia ao Celta porque apoiouno dende o momento un, dende o minuto un Sra. Muñoz e este goberno co Sr. Abel Caballero como Alcalde conseguiu salvar ao Celta da quebra, esta é a prensa de xaneiro do 2009, si Sra. Muñoz, cando o Celta estaba en concurso de acredores, necesitaba o apoio do goberno desta cidade conseguiu o apoio e ademais sorprende que faga mención vostede a outros grupos políticos cando outros grupos políticos non tiñan precisamente esa opinión e sacouna adiante o Alcalde. Polo tanto, este Pleno non é unha pantomima, é unha curiosa interpretación da democracia a que fai vostede, cando convoca vostede un Pleno está perfectamente xustificado e cando o convocamos os demais non, pois é ao contrario, o Pleno xustificado é o primeiro no que vostedes teñen que posicionarse e agora imos ver que é o que votan se a Xunta de Galicia e posteriormente Zona Franca teñen que apoiar ao Real Club Celta.

Lémbrolle, Sra. Muñoz que cando nese proceso do que eu falaba, de apoio á reforma do estadio, á Xunta de Galicia pedíuselle que apoiase o estadio, e sendo vostede conselleira só se ofreceu axuda para as pistas de atletismo, e aquí o que se di é literalmente que haxa o mesmo apoio por parte da Xunta de Galicia que da o Concello e que da a Xunta de Galicia á reforma do Estadio, pero como non vai ser importante para o futuro do Celta? Pero quen se está preocupando do futuro do Celta? Dende logo a xulgar polas declaracións do Sr. Mouriño, vostede non se estaba a preocupar polo futuro do Celta, non, e díxollo moi claro.

Polo tanto, este Pleno está perfectamente xustificado, o que pretende é que todos nos posicionemos polo futuro do Celta, efectivamente pero o que non se pode ter, permítame Sra. Muñoz, é ter tanta cara cando vostedes non apoiaron dende ningunha institución ao Celta, intentaron boicotear, cando o Sr. Fidalgo se ría de que se había que ir a xogar a Oporto os partidos, non, o único que estivo apoiando ao Celta dende o ano 2009, dende o primeiro momento que entramos neste goberno, foi o Sr. Abel Caballero como Alcalde e este goberno, e iso non llo pode negar absolutamente ninguén e por iso pedimos esta achega.

*(Os membros do grupo municipal de Marea de Vigo non estiveron presentes no momento da votación, abandonando a sala ás 8,49 horas)*

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero, Silva Rego e a Presidencia, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Instar á Xunta de Galicia a que dedique á reforma do estadio Municipal de Balaídos as mesmas contías económicas que adicaron o Concello de Vigo e a Deputación Provincial de Pontevedra.

**3(39). INSTAR AO CONSORCIO DA ZONA FRANCA DE VIGO A QUE ACOMETA SEN NINGUNHA DILACIÓN A CONSTRUCCIÓN DO APARCADOIRO DO ESTADIO MUNICIPAL DE BALAIÓDOS, PREVIO CONVENIO INTERADMINISTRATIVO CO CONCELLO DE VIGO. REXISTRO PLENO 1527/1101.**

*(Os membros do grupo municipal de Marea de Vigo non estiveron presentes no momento da votación, abandonando a sala ás 8,49 horas)*

VOTACIÓN: Con dezaseis votos a favor dos membros do grupo municipal Socialista, señores e señoras, Alonso Suárez, Aneiros Pereira, Blanco Iglesias, Caride Estévez, Fernández Pérez, Iglesias González, Lago Rey, López Font, Marra Domínguez, Pardo Espiñeira, Regades Fernández, Rivas González, Rodríguez Díaz, Rodríguez Escudero,

Silva Rego e a Presidencia, e cinco abstencións dos membros do grupo municipal do Partido Popular señores e señoras Egerique Mosquera, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, González Sánchez e Muñoz Fonteriz, adóptase o seguinte,

ACORDO:

Instar ao Consorcio da Zona Franca de Vigo a que acometa sen ningunha dilación a construción do aparcadoiro do estadio municipal de Balaídos, previo convenio interadministrativo co Concello de Vigo.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás oito horas e cincuenta e oito minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

am.

O ALCALDE,

O SECRETARIO XERAL DO PLENO,

Abel Caballero Alvarez

José Riesgo Boluda.